

FOLLA EUCARÍSTICA 2027

Unidos VENCEREMOS A FAME

Manos Unidas
CAMPAÑA CONTRA EL HAMBRE

O domingo 14 de febreiro é a Xornada Nacional de Manos Unidas. Para a liturxia deste día, propoñemos a celebración da Eucaristía "Polos que padecen Fame". (Misal Romano, Misas por diversas necesidades, Nº 33, pp.1047 e 1048)
Proclamamos as lecturas do V domingo do Tempo Ordinario (Ciclo B)
(Job. 7,1-4.6-7; Salm.146, 1-6; 1ªCor.9, 16-19.22-23; Mc.1, 29-30).

PIXABAY

MONICIÓN DE ENTRADA

Hoxe convidásemos a acabar coa fame no mundo, acollendo o don da Caridade, para que non lles falte o alimento aos nosos irmáns e poidan servir a Deus cun corazón libre e confiado.

Pero, falar de Caridade significa traballar xuntos, facer unha Alianza, para que coas nosas mans aliadas con outras erradiquemos a fame, a pobreza e a desigualdade, construíndo o ben común, a través dun desenvolvemento xusto, inclusivo e sostible.

Estamos chamados a ter as nosas mans unidas con outras para que non esquezamos o berro dos pobres, como tampouco os esqueceu o Señor na súa Alianza.

ORACIÓN COLECTA

(Misal Romano, páx. 1047)

MONICIÓN ÁS LECTURAS

Na primeira lectura, Job pídelo a Deus que non esqueza o seu sufrimento e que se acorde del ao cabo dos seus días.

Na segunda lectura, Santo Paulo fala da importancia de anunciar o Evanxeo con humildade e amor, sen esperar nada a cambio.

No Evanxeo, Xesús chámamos a ser solidarios e liberadores dos necesitados, que están en situación de exclusión, para que así nos poñamos ao servizo do Reino de Deus.

ORACIÓN DOS FIEIS: Señor, dános o teu Amor

Celebrante: Presentemos nosas súplicas ao Señor, pedíndolle que nos amemos como El nos amou.

- **Pola Igrexa:** Para que o Señor lle conceda a graza de ser signo de unidade e do ben común. **Oremos.**
- **Polos gobernantes:** Para que o Señor os ilumine para traballar pola xustiza, a igualdade e o ben común. **Oremos.**
- **Polos excluídos da sociedade:** Para que o Señor console aos que sofren abandono ou marxinación pola fame, a pobreza ou a desigualdade e concédalles a forza para superar a súa situación de exclusión e a esperanza dun futuro mellor. **Oremos.**
- **Polos que traballan coas mans aliadas con outras,** para que persistan nesta tarefa. **Oremos.**
- **Por todas as organizacións e persoas** que forman alianzas de paz e desenvolvemento, especialmente por Manos Unidas, para que o Espírito Santo multiplique os seus froitos de xustiza. **Oremos.**

Celebrante: Oh Deus, Pai Misericordioso, escoita nosas súplicas e concede o teu Amor ao teu pobo. Por Xesucristo o noso Señor. Amén.



PIXABAY

MONICIÓN Á COLECTA

A colecta destinarase integramente a apoiar o traballo de Manos Unidas. Moitas grazas pola vosa xenerosidade.

PRESENTACIÓN DE OFRENDAS

(Misal Romano, páx. 1047)



ORACIÓN DESPOIS DA COMUÑÓN

(Misal Romano, páx. 1047)



SUXESTIÓN PARA A HOMILIA

▲ A nosa mirada diríxese á fame no mundo. Necesidade non só do alimento básico para vivir as persoas, senón de todos os seus dereitos.

▲ Hai no mundo 1.100 millóns de persoas que padecen fame, pobreza e desigualdade. Esta situación obríganos a ter un compromiso de Caridade, Xustiza e Colaboración coas persoas e pobos que a padecen.

▲ Estamos chamados a erradicar a fame, a pobreza e a desigualdade na nosa sociedade e construír un mundo máis xusto e humano.

▲ O Altar como Mesa Universal lémbra-nos que a Eucaristía é o banquete do Reino de Deus onde ninguén debe quedar fóra. Así como nos unimos para compartir o Pan de Vida, Manos Unidas permítenos unírnos para que o pan material chegue aos que sofren o “xaxún permanente” da fame.

▲ “A nosa alianza” é a “Alianza de Irmáns”. Cunha soa man non se pode aplaudir nin soste-r un peso grande, necesítanse polo menos dous ou máis. De aí o logotipo de Manos Unidas: mans aliadas con outras para loitar contra a fame, a Pobreza e a Desigualdade.

▲ A Eucaristía comprométenos á entrega total polos máis pequenos e excluídos.

▲ A nosa misión naceu da acción colectiva para ser catalizadores de transformación.

▲ A colaboración non é opcional, é un deber para alcanzar o ben común universal, por iso é polo que pasemos do “Eu” ao “Nós” solidarios.

▲ A colecta de hoxe poñémola sobre o altar para que se converta en vida para outros.

▲ Que as nosas “mans aliadas con outras” sexan as Manos de Deus que traballan polos seus fillos que máis sofren.



PIXABAY

Día do Xaxún Voluntario

Venres, 12 de febreiro de 2027

Xornada Nacional de Manos Unidas

Domingo, 14 de febreiro de 2027



Mais materiais de Formación Cristiá en:
manosunidas.org/sensibilización-parroquias